

Concurso específico de Orientación en Primaria

Data de publicación no DOG nunca antes do 6 de novembro

Logramos o compromiso da administración de ter unha reunión coa Subdirección Xeral de Recursos Humanos antes da publicación das vacantes.

A CIG-Ensino denunciou estes últimos anos que a orientación e a atención á diversidade foron perdendo peso na medida en que se incrementou moito a compartición de centros.

É preocupante que non coñezamos nin o deseño nin o mapa de orientación en Galiza. O último documento elaborado é do curso 2008/09. Estamos convencidos que desde aquela non se estudou nada en absoluto, malia que esa era a escusa para non ofertar determinadas prazas a concurso. Non hai xustificación para que non saian todas as prazas dos centros con 12 unidades de infantil e primaria.

A Consellaría está facendo unha interpretación restritiva pois só considera, con carácter xeral, unidades de Educación Primaria. Os centros de educación primaria e de educación infantil, segundo o propio decreto de Orientación, deben ter departamento de orientación. Mesmo o documento de 2008 no que aparece a rede completa de Orientación así o recolle expresamente.



Como CIG-Ensino continuamos a demandar que todos os centros de máis de 6 unidades deben ter orientación a tempo total.

Despois de anos de espera o que podemos constatar é que non houbo negociación da rede de orientación e as prazas que se ofertan non foron previamente debatidas coas organizacións sindicais. Entendemos que a Consellaría non só debería indicar no anexo das prazas o centro compartido senón tamén os **centros adscritos**, xa que na práctica hai orientadoras e orientadores que teñen que atender 6 ou 7 centros. *A administración non vai facer cambios, xa que di que os centros adscritos varían todos os anos.*

Reclamamos que á hora de catalogar as prazas nos centros base se teña en conta o alumnado ao que se vai atender e as distancias entre os centros. O número de unidades totais dos centros compartidos non pode ser o mesmo que se emprega para centros con orientación a tempo completo. *A Consellaría afirma que hai vacantes compartidas no presente concurso que suman menos de 12 unidades.*

Reclamamos que se dea un prazo para negociar as **prazas do concurso específico de orientación**. Non se deben dar por definitivas as presentadas co borrador porque non foron negociadas. *A administración acéptao.*

E o feito é que a experiencia indica que non se fan correccións de erros posteriores aos anexos publicados na convocatoria. Instamos a que se faga en dous momentos como no CXT: vacantes provisionais que todos os centros e o profesorado poidan coñecer e que as OO.SS. podamos negociar, e unha posterior publicación das definitivas. Somos partidarios de que as variacións sexan as mínimas, mais iso require un compromiso de auténtica negociación por parte da Consellaría. *Non aceptan a publicación de vacantes como provisionais pero di que dentro dun prazo razoábel aceptarán achegas. Logramos o compromiso da administración de ter unha reunión coa Subdirección Xeral de Recursos Humanos antes da publicación das vacantes.*

Debe esixirse a titulación en psicopedagogía, psicoloxía ou pedagogía como requisito e non como mérito. Sabemos que é algo limitado por un decreto

que ficou obsoleto. Demandamos que se fagan os cambios legais oportunos.


Á vista do Anexo II (vacantes) temos claro que hai cambios na consideración de centros base e compartidos ao respecto do que aparece no Catálogo de postos de traballo. Hai tamén casos de cambios na distribución dos centros compartidos ao respecto de como veñen funcionando desde hai anos e preocupámonos constatar que non existen criterios homoxéneos.


Ao respecto do Anexo III (posíbeis resultas) demandamos que todos os centros que actualmente contan con Departamento de Orientación (DO) ou Orientador/a Compartido/a (OC) e non figuran nese Anexo sexan incorporados, permitindo que podan saír todas as resultas. *A administración non o acepta.*


Baremo

Estamos nun concurso específico e a Consellaría ten máis marxe de manobra que nun xeral de traslados. Desde a CIG-ENSINO reclamamos **que se elimine ou reduza a puntuación subxectiva**.

En todo caso, hai apartados que non teñen razón de ser neste baremo e que solicitamos que se retiren:

 **Apartado 1.2.3.** Antigüidade en corpos de subgrupo inferior: non se pode dar o caso.

 **Apartado 2.** Non ten sentido puntuar a pertenza ao corpo de catedráticos: primeiro porque na práctica isto non se produce nin se vai producir nunca mais, segundo, porque de poder existir o caso, sería totalmente inxusto.

 Reiteramos as demais demandas xa recollidas no [CXT](#).